

Comunidade de Montes de Couso

Plan Autoprotección Monte de Couso

CON —
COMITENTES

 MONTES DE
COUSO



Cofinanciado por
la Unión Europea


Fundación afiliada a la Fondation de France

Índice

1. Contexto	2
2. Identificación	3
3. Descripción	3
4. Inventario	3
5. Presentación do Plan de Autoprotección	4
6. Autodeclaración de dereitos	4
7. Identificación de riscos	5
8. Marco de protección legal	7
9. Catálogo de medidas de protección	10
Mantemento da eficacia e actualización do plan	13
Documento elaborado por:	13
Colofón	13
Créditos	15

1. CONTEXTO

Este Plan de Autoprotección é resultado do proceso artístico-participativo que levaron a cabo a mediadora Natalia Balseiro e a artista Asunción Molinos Gordo, xunto aos membros da comisión de traballo creada a partir da Comunidade de Montes de Couso, co apoio do presidente da comunidade, Xosé Antón Araúxo. Todo iso dentro do marco do proxecto máis amplo ‘Terra Común’ de Concomitentes. ‘Terra Común’ forma parte do proxecto europeo ‘Art Living Lab for Sustainability’, financiado polo programa ‘Europa Creativa’ da Unión Europea e liderado por Concomitentes.

As persoas integrantes que compuxeron o grupo de traballo a partir do cal se desenvolveu o conxunto de necesidades nas cales se basea este Plan de Autoprotección e de xeito simultáneo os contidos para a festa-ritual “Os Sentires do Monte” son:

Natalia Balseiro, Asunción Molinos Gordo, Xosé Antón Araúxo, Iria Enríquez Blandón, Susana Sáiz Medinger, Pilar Taladriz Cobas, Luis Alonso Bacigalupe, Paloma Amigo García, María López Gallego, José Manuel Lago, Basilio Calzado, Mercedes Peón, Luis Enrique Correa Piñeiro (Caruncho), Jesús Rodríguez Diéguez, María Lemos Cerqueira, Elena Gómez Dahlgren, María Dolores González Alonso, Manuel Villot Pascual, Alba Herranz Pazos, Mar Herranz Pazos, Carmen Villanueva Rey, Paula Piñeiro González, Ruth Comesaña Granja, Montse Salgueiro Varela, Lucila Rial Prado, Sara González López, Patricia López Palmas, Xoaquín de Acosta Beiras, Pepe Reñones Rodríguez, Alfonso Reñones Rodríguez, Emilio Dios, Paco León, Suso Alonso Santos, José Alonso Santos, Jose Manuel Riobó Hermida, Marcos Castro González, Héctor Alfaro, Olivia Dawod Molinos, Adrián Alonso Docampo, Sheila Ribero Rodríguez, Francisco Javier Alonso, Jose Antonio Herbida Pérez, Fabio Durán Dios, Nicolás Abaldes, Jesús Abaldes Pérez, Juan Raúl Hernández Cuevas e Andrea Gómez Rodríguez.

O presente documento foi redactado pola artista Asunción Molinos Gordo, en calidade de técnico cultural, co asesoramento legal da avogada Ania González Castiñeira co obxectivo de prover a Comunidade de Montes de Couso dun instrumento de protección propio.

Preme [aquí](#) para ver un vídeo que resume o proxecto Terra Común.

2. IDENTIFICACIÓN

ID DO MONTE 2778 | NOME COUSO

FICHA https://ovmediorural.xunta.gal/rexmon/arquivos/cficha/36/2778_cficha.pdf

Provincia PONTEVEDRA

Concello: GONDOMAR

Parroquia: COUSO (SAN CRISTOVO)

Comunidade: COUSO

Data constitución: 01/06/1984

Titularidade: Comunidade de Montes de Couso

Sede social: Casa Veciñal, As Laxes s/n C.P. 36389 Couso - Gondomar (Pontevedra)

Estatutos aprobados: 17/04/2016

Referencia/s catastral/is: Constan en Anexo I

3. DESCRICIÓN

O monte de Couso está situado no concello de Gondomar (Pontevedra, Galicia), e está xestionado pola Comunidade de Montes de Couso que leva en funcionamento, co equipo actual de comeneiras e comeneiros, desde o ano 1984. Na actualidade está composta por oitenta e catro persoas que traballan para garantir a multifuncionalidade e a produtividade das súas trescentas trinta hectáreas de monte comunal co fin de conformar unha comunidade autosuficiente, a nivel de enerxía, alimentación, cultura, lecer e prevención da saúde. Os comeneiros e comeneiras traballan para converter o bosque nun recurso de valor ambiental, a través do seu uso multifuncional, combinando a reintrodución de especies arbóreas autóctonas co cultivo de framboesa, arando, grosella, castaña e a variedade de cogomelos xitake.

Montes de Couso foi recoñecido como un exemplo de boa xestión, aparecendo no rexistro TICCA da ONU e recibiu o premio IRGADE, pola promoción da lingua galega.

4. INVENTARIO

O monte de Couso componse dos seguintes elementos, infraestruturas e recursos:

330 hectáreas de monte

Plantación de cogomelos xitake

Bosque comestible (cultivo de framboesa, arando, grosella)

Plantación de auga, reposición de augas pluviais ao acuífero

Refuxio de anfibios

Bosque da Lingua

Bosque das Memorias

Parque biosaudable

Baixante de augas potables

Casa veciñal

Casa da beneficencia

Campo de fútbol

Zona de baños

Anfiteatro a ceo aberto

Bibliotecas parada de autobuses

Comunidade de comeneiros e comeneiras.

5. PRESENTACIÓN DO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

Eu, monte do Couso, actuando en nome propio, con plena capacidade de obrar e legal, por estar debidamente formalizada na Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Couso, libremente declaro neste acto e por medio do presente documento fago público, de acordo coa normativa aplicable, o PLAN DE AUTOPROTECCIÓN que a partir da data será de aplicación á miña actual delimitación xeográfica-comunitaria.

E DIGO:

I.- En vista da deriva, que desde un tempo atrás, levou os montes de Galicia a converterse de maneira permanente en monocultivos de eucalipto, o que supuxo un acreditado empobrecemento dos seus solos, o esgotamento dos seus mananciais e acuíferos e o motivo de innumerables lumes.

II.- Sendo testemuña de como outros montes comunais foron obxecto de apropiación ilexítima con obxectivos de carácter privativo, por exemplo, a construción de vivendas particulares, de naves industriais e doutras infraestruturas.

III.- Coñecendo ben as grandes ameazas de tipo extractivista sobre outros montes, agochadas detrás de marcos empresariais dubidosos, como é o do proxecto Gama da empresa produtora de fibras téxtiles e celulosa ALTRI.

Síntome altamente vulnerable e, aínda sendo plenamente consciente da miña natureza indivisible, inalienable, imprescritible e inembargable, véxome na necesidade de ditar na miña propia defensa no presente PLAN DE AUTOPROTECCIÓN no exercicio do meu dereito á vida e á integridade.

6. AUTODECLARACIÓN DE DEREITOS

Eu, monte de Couso, convoco os membros da Comunidade de Montes de Couso, os veciños e a veciñas de todas as parroquias de Gondomar, os membros doutras comunidades de montes contiguas, a defender os meus dereitos legalmente recoñecidos, que son a base deste plan de autoprotección, e que a continuación enumero:

- I. Teño pleno dereito a manter o meu aire libre de contaminantes.
- II. Teño pleno dereito a manter os meus ríos e acuíferos en pleno estado de saúde.
- III. Teño pleno dereito a conservar a integridade e a riqueza dos meus solos, manténdooos libres de tóxicos e axentes nocivos.
- IV. Teño pleno dereito a seguir sendo o lugar seguro de todas as outras formas de vida que me habitan. A garantirlle á miña poboación de cabalos, vacas, raposos e outros mamíferos, anfibios, aves, ofidios, réptiles, coníferas, fagáceas e microorganismos un espazo para a súa reprodución natural.
- V. Teño dereito absoluto a garantirlle á miña poboación humana unhas condicións de vida

digna, para que non vos vexades na obriga de migrar, a non ser que ese sexa o voso desexo. Quero seguir existindo para as futuras xeracións, como un lugar de significación cultural e de aprendizaxe continua, garantindo a oportunidade de que sigades participando nas formas históricas de conservación e xestión comunal do meu territorio.

- VI. Teño dereito absoluto a manter a miña memoria ancestral, a miña diversidade cultural, os meus sons e silencios propios, as miñas paisaxes visuais, paisaxes táctiles, olfactivas, sonoras... para seguir sendo un lugar onde se poida pensar con clarividencia, sabedoría e tempo. Un lugar onde protexerse do capitalismo, onde cultivar o orgullo de pertenza, onde fortalecer a autoestima comunitaria e onde agrandar o patrimonio emocional.

Por todo iso, convoco a Comunidade de Montes de Couso a interceder no meu lugar e quen de agora en diante enuncia, ratifica e responde ante este plan de autoprotección.

Véxome na necesidade de ditar na miña propia defensa no presente Plan de Autoprotección no exercicio do meu dereito á vida e á integridade.

7. IDENTIFICACIÓN DE RISCOS

RISCOS PRINCIPAIS

1. Neglixencias políticas

Algunhas políticas públicas están a minar a capacidade das comunidades para defender o seu patrimonio e levar a cabo os usos tradicionais do mesmo, tentando terminar coa organización veciñal. As políticas neglixentes poden chegar a aplicar intervencións administrativas inapropiadas, alegais, sancionadoras e inhabilitantes que afecten o meu benestar como monte, así como o benestar da comunidade que me xestiona.

2. Desnaturalización, expropiación e desvío dos usos propios do monte veciñal

Existe un risco real da miña ocupación por instalacións privadas e infraestruturas mercantís público-privadas con fins de industrialización contrarios á conservación, aos usos e aos costumes que rexen o meu natural aproveitamento de tipo comunal. En canto a conxunto natural son propiedade da comunidade de montes e estou suxeito ao costume, aos usos e aos aproveitamentos acordados na asemblea xeral desta comunidade, son monte veciñal en man común, podo e debo defenderme das posibles invasións, dos procesos de desnaturalización, das expropiacións ou do desvío dos meus propios fins.

3. Degradación por mor da sobreexplotación

Na situación actual este é un risco baixo, xa que a Comunidade de Montes de Couso mantén unha actividade que respecta o meu propio ciclo vital e non esquilma os meus recursos, senón que os agranda. Pero se se producise un cambio de mentalidade e se iniciasen procesos de extracción abusiva dos meus recursos, isto podería provocar unha grave deterioración ecolóxica, afectando todas as áreas da saúde propia e comunitaria.

4. Incendios

A sobreabundancia de especies arbóreas pirófitas que ocupan os montes contiguos e a maioría dos montes galegos, a desestruturación e a desaparición das súas poboacións rurais, a baixa valoración do sector primario, as novas configuracións do territorio, os cambios de usos e a especulación co territorio, son moitas as razóns detrás dos incendios contemporáneos nas miñas inmediacións e todas elas, conxugadas, aceleran tamén os riscos de combustión das miñas propias masas forestais.

5. Emerxencia climática

Son testemuña directa da intensificación de eventos meteorolóxicos extremos, do aumento global da temperatura, do desxeo dos glaciares, do aumento do nivel do mar e da perda da biodiversidade, por iso súmome á declaración mundial de estado de emerxencia climática.

6. Extinción da comunidade veciñal

Eu existo e mantéñome grazas á forma de pensar dos comuneiros e comuneiras de Couso, grazas ás formas tradicionais de facer e de coidarme, de manexar os territorios que me compoñen. Eu existo grazas á coherencia e ao bo saber das persoas que durante xeracións souberon manter as formas propias de gobernanza. De tal maneira que a extinción ou enfraquecemento da comunidade supoñería o maior dos riscos para a miña integridade.

7. Aculturación

A aculturación é un proceso de empobrecemento onde a cultura propia dun lugar é erosionada por procesos de colonización cultural externa. A cultura que se impón faise cos recursos da cultura propia do lugar e ese roubo matérico leva tamén a desaparición do conxunto de valores e de prioridades das comunidades colonizadas.

As comunidades rurais fomos continuamente expostas a procesos de aculturación de distinta índole, desde o máis sutil ata o máis violento, onde se nos impoñen formas culturais propias da cultura urbana e onde se nos di que o noso non serve, que debemos “desenvolvernos”.

A perda da cultura comunal propia pon en perigo o meu benestar como monte, xa que a poboación pode manterse, mesmo crecer, pero se non conservan os códigos culturais propios da tenencia do monte en comunal, estarei igualmente exposto ao risco de desaparición.

8. Campañas de desprestixio contra a tenencia de terras en réxime comunal

Existe e circula en determinados ámbitos a idea de que os montes comunais somos improdutivos, que temos un aproveitamento inferior ás nosas posibilidades e ás veces temos fama de estar desaproveitados.

A falta de recoñecemento cara aos múltiples valores que temos os montes comunais pola sociedade en xeral ten unha afección negativa sobre min e sobre todas as formas de tenencia dos recursos en réxime de man común, provocando a falta de apoios externos de índole nacional e internacional, que poidan traer como consecuencia a extinción dos mesmos.

8. MARCO DE PROTECCIÓN LEGAL

Eu, monte de Couso, como suxeito de dereito, elemento natural e solo de tipo comunal, son titularidade da Comunidade de Montes de Couso, constituída polas veciñas e polos veciños do termo municipal de Couso, Gondomar, e conto cun importante número de medios e recursos para a miña protección legal de aplicación directa e integrados no presente Plan de Autoprotección e vinculantes tras a aprobación do mesmo na asemblea xeral da Comunidade.

A Comunidade de Montes de Couso ten plena capacidade xurídica para a miña defensa, tanto na vía administrativa como na xudicial, para protexer os meus intereses e dereitos xa que é a miña propietaria de acordo co previsto no art. 3.2 Estatutos Comunidade de Montes de Couso e na lexislación vixente.

No marco do dereito internacional

É de obrigado cumprimento, por estar ratificado por España, o Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais, que no seu art. 15 establece o dereito humano e por tanto universal, interdependente, indivisible e progresivo de toda persoa a participar na vida cultural, entendida tal e como a define a Observación nº 21 do Comité da ONU para os dereitos económicos, sociais e culturais como:

“O conxunto de formas de vida, linguaxe, literatura escrita e oral, a música e as cancións, a comunicación non-verbal, os sistemas de relixión e crenzas, os ritos e as cerimoniais, os deportes e xogos, os métodos de produción ou a tecnoloxía, en contorna natural e o producido polo ser humano, a comida, o vestido e a vivenda, así como as artes, os costumes e as tradicións, polas cales individuos, grupos e comunidades expresan a súa humanidade e o sentido que lle dan á súa existencia, e configuran unha visión do mundo que representa o seu encontro coas forzas externas que afectan as súas vidas”.

Ademais do anterior, todos os convenios internacionais subscritos por España en materia de medio ambiente describen as obrigas e os dereitos nos que a Comunidade se pode apoiar para o exercicio da miña defensa, como o [Convenio sobre o comercio internacional de especies ameazadas de fauna e flora silvestre \(CITES\)](#), o [Convenio de Barcelona](#), o [Convenio](#)

[de Berna](#), o [Convenio de Bonn](#), o [Convenio sobre a Diversidade Biolóxica CDB](#), o [Convenio internacional das madeiras tropicais](#) ou a [Conferencia interministerial sobre protección de bosques en Europa](#).

Seguidamente, estou protexido en tanto que espazo natural sometido á xestión forestal e outros usos e aproveitamentos por toda a normativa europea comunitaria de aplicación, cuxa relación se pode [consultar](#) nas fontes do Ministerio para a transición ecolóxica e o reto demográfico, fonte na que se pode consultar tamén a normativa europea vixente en materia de [política forestal](#).

A Comunidade de Montes de Couso ten plena capacidade xurídica para a miña defensa, tanto na vía administrativa como na xudicial, para protexer os meus intereses e dereitos.

No marco do dereito nacional

A Constitución española ademais de consagrar no seu art. 44 o principio reitor do dereito de acceso á cultura, entendida como se viu con anterioridade como a vida cultural colectiva, configurada nos diferentes usos, costumes, tradicións e manifestacións complexas que definen a nosa relación coa contorna natural e co producido polo ser humano, tamén establece no seu art. 45, máis concretamente, o dereito de todas as persoas a gozar dun ambiente adecuado para o seu desenvolvemento, así como o deber de conservalo.

O [artigo 45](#) da Constitución española configura o medio ambiente como un ben xurídico de cuxo goce son titulares toda a cidadanía e cuxa conservación é unha obriga que comparten os poderes públicos e a sociedade no seu conxunto. Todas e todos temos dereito a esixirlle aos poderes públicos que adopten as medidas

necesarias para garantir a adecuada protección do medio ambiente, para gozar do dereito a vivir nun medio ambiente san. Correlativamente, este precepto impón do mesmo xeito a todas e todos a obriga de preservar e de respectar ese mesmo medio ambiente. Para que a cidadanía, individual ou colectivamente, poida participar nesa tarefa de protección de forma real e efectiva, resulta necesario dispoñer dos medios instrumentais adecuados, cobrando hoxe especial significación a participación no proceso de toma de decisións públicas. Pois a participación, que con carácter xeral consagra o artigo 9.2 da Constitución, e para o ámbito administrativo o artigo 105, garante o funcionamento democrático das sociedades e introduce maior transparencia na xestión dos asuntos públicos.

Leis estatais en materia de protección medioambiental

Ademais da CE, outras normas de rango xeral como a [Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental](#), a [Lei 26/2007, de 23 de outubro, de Responsabilidade Ambiental](#) e o [Regulamento de desenvolvemento Real Decreto 2090/2008](#) céntranse á súa vez na prevención en materia medioambiental.

A nivel autonómico, a Lei 1/1995 de 2 de xaneiro de protección ambiental de Galicia baséase, do mesmo xeito que a norma estatal, nos principios de prevención, avaliación de impacto ambiental, de efectos ambientais e incidencia ambiental, de información pública, obxectiva, permanente e completa como base dunha efectiva participación cidadá que posibilite o establecemento dun pacto ambiental na defensa destes valores colectivos, de nivel de acción adecuada complementado coa subsidiariedade e colaboración das instancias autonómica, local, de coordinación e unidade de acción mediante o adecuado deseño da Administración ambiental no ámbito autonómico.

Así mesmo, tamén aplica sobre min a [Lei 5/2019 de 2 de agosto de patrimonio natural e biodiversidade de Galicia](#).

Ademais, na comunidade autónoma de Galicia, conto cun instrumento legal, específico e de aplicación directa que é a [Lei 13/1989 de montes veciñais en man común de Galicia](#), a cal esixe e garante o recoñecemento da natureza privada das miñas terras a favor das comunidades veciñais que habitualmente as veñen gozando, liberándome de vínculos que me desnaturalizan

*Todas e todos temos dereito a
esixirlle aos poderes públicos
que adopten as medidas
necesarias para garantir
a adecuada protección do
medio ambiente, para gozar
do dereito a vivir nun medio
ambiente san.*

e adoptando medidas de protección e cautela que impidan romper a miña unidade. Este instrumento normativo, no seu art. 24, habilita á comunidade titular para tomar as medidas necesarias para a miña xestión, explotación, protección e defensa de maneira que se eviten os riscos legalmente recoñecidos de grave abandono, degradación, deterioración ecolóxica, explotación non coherente dos meus recursos ou extracción abusiva dos mesmos en relación cos seguintes criterios legais: a) O grao de aproveitamento da miña extensión superficial, b) O grao de manifesto desuso, c) O grao de acomodación aos aproveitamentos establecidos en instrumentos de ordenación ou xestión forestal, no seu caso, independentemente de que se refira a aproveitamentos madeireiros, dos meus pastos ou outros, d) O carácter depredador producido sobre min; e) O perigo manifesto de degradación das miñas terras e, f) O reiterado incumprimento das obrigas e dos deberes establecidos na normativa vixente.

Ademais da aplicación directa desta lei, a mesma recoñece na súa Disposición Final Segunda, como fonte de dereito aplicable á miña xestión comunal, con carácter preferente, tal e como establece o [art. 38.1 do Estatuto de autonomía de Galicia](#), o costume do lugar.

Esta norma ha de aplicarse ademais posta en relación co Decreto 23/2016, do 25 de febreiro, polo que se regula a reinversión dos ingresos obtidos polos montes veciñais en man común en actuacións de mellora e protección forestal. E en relación ao previsto na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

Polo que se refire ao instrumento Plan de Autoprotección

Dadas as miñas características como monte veciñal en man común, a miña comunidade titular non ten a obriga legal de dotarse dun Plan de Autoprotección, con todo, nada nos impide contar con este instrumento e entra dentro das nosas competencias provernos de cantas medidas sexan necesarias para a miña protección.

No ámbito nacional, [a Lei 17/2015 de 9 de xullo do Sistema Nacional de Protección Civil](#) contempla os aspectos relativos á autoprotección e a obriga do Goberno de establecer un catálogo das actividades de toda orde que poidan dar orixe a unha situación de emerxencia e á obriga dos titulares dos centros, establecementos e dependencias ou medios análogos onde se realicen devanditas actividades de dispoñer dun sistema de autoprotección, dotado cos seus propios recursos, para accións de prevención de riscos, alarma, evacuación e socorro. Así mesmo, o propio artigo 6 determina que o Goberno, a proposta do Ministerio do Interior, previo informe da Comisión Nacional de Protección Civil, establecerá as directrices básicas para regular a autoprotección.

De acordo co anterior, en Galicia desenvolveuse [o Decreto 172/2022 de 6 de outubro polo que se aproba o Catálogo de actividades que deben adoptar medidas de autoprotección e polo que se fixa o contido desas medidas](#), en cuxo preámbulo se cita:

“O dereito á vida e á integridade física da cidadanía debe garantirse a través das administracións públicas, pero tamén se ha de procurar a adopción de medidas destinadas á prevención e ao control de riscos na súa orixe, para o que ha de establecerse cal debe ser a actuación inicial nas situacións de emerxencia que poidan presentarse. O coñecemento dos riscos e a súa percepción por parte da cidadanía na sociedade tecnolóxica actual facilita a posta en marcha de políticas activas que minimizan o risco ou prevén a resposta no caso de que se materialice o perigo. A xestión e o control dos riscos require da implementación dunha serie de medidas preventivas, non só para o caso de grandes desastres ou catástrofes senón tamén para outros perigos máis habituais, de modo que se cree unha cultura social na que a seguridade se manifeste como un dereito e un deber da cidadanía”.

De acordo cos principios reitores desta norma, a situación de emerxencia para a cal creamos este Plan de Autoprotección é o estado de emerxencia climática, cuxo conxunto de riscos cotiáns derivados da mesma poñen en perigo a continuidade da vida, o medio ambiente e o planeta, tal e como o coñecemos ata agora. As mencionadas circunstancias requiren do establecemento dun marco legal propio para unha protección civil renovada, que inclúa a autoprotección cívica de todas as formas de vida.

9. CATÁLOGO DE MEDIDAS DE PROTECCIÓN

A continuación, detallo a listaxe de medidas preventivas que conforman o meu plan de autoprotección en contra dos riscos identificados, tendo por marco a obriga de responder ao [estado de emerxencia climática](#), declarado por el Estado español con data de 21 de xaneiro do 2020.

A. Medidas preventivas contra as negligencias políticas.

Para protexerme contra posibles futuras negligencias políticas é importante que a Comunidade de Montes de Couso amplíe o marco legal de protección actual, iniciando procesos a través dos cales se me recoñeza como patrimonio cultural inmaterial da humanidade, patrimonio vivo, patrimonio emocional ou figuras de protección cultural similares, que acheguen novas capas de protección. Cantas máis barreiras legais se establezan, menor será a miña vulnerabilidade ante as negligencias políticas presentes e futuras.

Levade a cabo actividades de incidencia política sobre os gobernos que traballan as estratexias climáticas a todo nivel, en Galicia e internacionalmente; facilite investigacións sobre como a vosa forma de manexo comunal é a mellor solución climática e posible estratexia de desenvolvemento.

B. Medidas preventivas fronte á desnaturalización do monte.

A intervención doutros axentes do contexto político, económico e financeiro actual como entidades locais, administración autonómica ou estatal, así como empresas, asociacións e grupos financeiros e de investimento, enfocados na defensa e na persecución de rendementos económicos centrados na explotación industrial extractiva dos recursos naturais, entre eles, a masa forestal; constitúen sen dúbida un risco certo para os meus usos, os meus costumes e o aproveitamentos de tipo comunitario.

É por isto que, para a miña xusta defensa e protección, xa que como espazo natural, estou directamente vinculado cos dereitos humanos universais e dereitos fundamentais das miñas comuneiñas e comuneiros, o presente Plan de Autoprotección establece as seguintes medidas preventivas:

1. Elaboración dunha guía legal para a identificación e o exercicio de cantos recursos administrativos e accións xudiciais competen á Comunidade de Montes de Couso en calidade de persoa xurídica titular do monte veciñal legalmente lexitimada para a súa defensa ante e fronte á sociedade civil, á administración pública, aos Xulgados e Tribunais, tales como:
 - i. Recursos de alzada e/ou reposición fronte a sancións e outros actos administrativos
 - ii. Recursos contencioso-administrativos contra actos administrativos, regulamentos e disposicións ou normas xerais.
 - iii. Recursos administrativos e xudiciais especiais contra a lesión de dereitos fundamentais.
 - iv. Recursos administrativos e xudiciais en materia de responsabilidade patrimonial da administración para a indemnización de danos e prexuízos causados polo normal ou anormal funcionamento da administración.
2. Plans de difusión, formación e sensibilización dos dereitos que asisten a Comunidade de Montes de Couso no exercicio das súas funcións; tales como:
 - i. O dereito de todas as persoas a gozar dun ambiente adecuado para o seu desenvolvemento, así como o deber de conservalo; obriga legal, administrativa

e xudicialmente esixible á sociedade civil e á administración pública. (Art. 45 CE).

- ii. O dereito de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente. (Lei 27/2006 de 18 de xullo en relación coas Directivas 2003/4/CE e 2003/35/CE).
 - iii. Dereito á participación activa nas decisións dos poderes públicos, por exemplo, nos procesos de autorización administrativa á implantación de infraestruturas e instalacións industriais ou doutro tipo (Art. 9.2 e 105 CE).
 - iv. Dereito de toda persoa á participación na vida cultural tal e como se desenvolve na [Observación xeral nº 21](#) do Comité das Nacións Unidas de dereitos económicos, sociais e culturais en desenvolvemento do art. 15 do Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais.
 - v. Dereito a esixir o cumprimento dos principios de prevención e avaliación do impacto, incidencia e efectos ambientais, así como da obriga das administracións públicas e doutros axentes de entregar información pública, obxectiva, permanente e completa para a efectiva garantía do dereito de participación cidadá para a defensa dos valores colectivos e a organización do nivel de acción subsidiaria, das administracións ou complementaria, en colaboración coas propias comunidades, para un adecuado deseño da administración medioambiental a nivel autonómico, tal e como establece na Lei 1/1995 de 2 de xaneiro de protección ambiental de Galicia.
3. Implementar e conseguir a plena efectividade e forza vinculante do presente plan de autoprotección de acordo cos estatutos da Comunidade e o establecido no [Decreto 52/2014 de 16 de abril, polo que se regulan as instrucións xerais de ordenación e de xestión de montes de Galicia](#) modificado polo [Decreto 172/2022 de 6 de outubro polo que se aproba o Catálogo de actividades que deben adoptar medidas de autoprotección e polo que se fixa o contido desas medidas](#).

C. Medidas preventivas contra a sobreexplotación.

Mantede como ata agora, unhas prácticas de uso e goce compatibles con todas as outras formas de vida que me habitan. Dedícadelle as terras aos cultivos e aproveitamentos que máis conveñan segundo as circunstancias agroecolóxicas dos meus solos e que vos sexan de interese, garantindo a saúde das miñas augas superficiais e subterráneas, a calidade do meu aire e os meus solos.

D. Medidas para a protección contra incendios.

Manter os labores de gardaría forestal como ata agora, substituíndo as especies pirófitas por especies arbóreas autóctonas, como o carballo e o castiñeiro, cuxa combustión é máis difícil. Canto máis diversas sexan as variedades de plantas e árbores que crezan sobre min, menor perigo de incendios.

Facilitade o tránsito nos meses de verán a todas aquelas persoas que teñan dereito a recoller leña seca do meu solo, para que baleiren a miña terra de materiais combustibles mortos, que fagan uso das piñas caídas, as ramas secas, toxo.

Traballade para restablecer as relacións afectivas dos novos membros da comunidade para que estendan o seu sentido da responsabilidade e participen das tarefas de aviso e extinción de posibles focos.

Axudade os montes contiguos a cambiar o seu modelo de xestión, para que sexan eles e elas tamén quen cambien os seus cultivos de especies pirófitas e os substitúan por especies autóctonas, para minorar os riscos de incendios non desexados.

E. Medidas preventivas para a emerxencia climática.

A miña propia conservación é a estratexia principal de loita contra o quecemento global, xa que a xestión que facedes de min desde a Comunidade de Montes de Couso implica a remoción de CO₂, a adaptación climática e a promoción de economías e estilos de vida comunitarios con emisións cero.

Conservar e restaurar os meus espazos naturais, terrestres e acuáticos é fundamental para limitar as emisións de carbono, xa que isto proporciona un terzo do esforzo de mitigación necesario na próxima década segundo recolle o Programa das Nacións Unidas para o Medio (PNUMA).

F. Medidas para evitar a extinción da comunidade veciñal.

Mantervos fortes e xuntos, continuar o traballo dos vosos antecesoros, promover a integración das infancias e mocidades, as novas veciñanzas, axudade a outras comunidades e promover a constitución de novas comunidades veciñais cando estas non existan. Eu existo e mantéñome grazas á forma de pensar de todos vós, grazas ás formas tradicionais de facer e de coidarme, de manexar os territorios que me compoñen. Eu existo grazas á vosa coherencia e bo saber. Mantede as vosas formas propias de gobernanza.

G. Medidas para loitar contra a aculturación.

A forma máis eficiente de protexerse contra a aculturación é manter o coñecemento e as actividades que son ou foron expresión relevante da vosa cultura tradicional comunitaria. A mellor forma de autodefensa é manter as formas propias de gobernanza, manter as estruturas locais de manexo do territorio e as relacións afectivas e emocionais de interacción respectuosa coa miña natureza e coa miña contorna. Mantede a Festa Ritual “Os Sentires do Monte” como unha ferramenta de defensa contra a aculturación, que axude a mobilizar os afectos polo monte, á involucración das novas xeracións e das veciñanzas á educación comunitaria.

H. Medias contra o desprestixio e a deslexitimación.

Traballade para dar a coñecer o traballo que facedes, que axude a desmantelar o falso mito de que son improdutivo, compartir información por todos os medios ao voso alcance sobre todas as utilidades e todos os beneficios que levo, dando a coñecer a miña dimensión económica máis ampla e os roles que teño como produtor de futuro, de posibilidades, de emancipación e de refuxio. Afianzade a autoestima de pertencer ás culturas do campo.

MANTEMENTO DA EFICACIA E ACTUALIZACIÓN DO PLAN COLOFÓN

Para que o meu Plan de Autoprotección sexa eficaz e estea sempre vivo, é conveniente a súa revisión anual para corroborar e actualizar cando se considere a listaxe de riscos identificados, o marco legal de protección existente e a lista de medidas de protección, ampliándoo cando sexa oportuno.

Queridos montes veciños, queridos montes de Peitieiros, montes de Mañufe, montes de Malvas, montes de Santa María de Tebra, montes de Santa Baia de Donas, montes de Pinzás, falade cos vosos comuneiros e comuneiras, falade coas xentes que vos habitan, para que vos protexan, para que vos vexan como realmente sodes e sobre todo para que imaxinen como podedes ser no futuro.

DOCUMENTO ELABORADO POR:

A artista Asunción Molinos Gordo, co asesoramento legal da avogada Ania González Castiñeira para a Comunidade de Montes de Couso, dentro do marco do proxecto Terra Común de Concomitentes, e a mediación de Natalia Balseiro.

Data de realización: 18 decembro 2024

Firmado
En Gondomar, a ... de 2024

Xosé Antón Arauxo Presidente da Comunidade de Montes de Couso	Francisco García Quiroga Coordinador de Concomitentes	Natalia Balseiro Rodríguez Mediadora de Tierra Común, Concomitentes	Asunción Molinos Gordo Artista	Ania González Castiñeira Avogada

ANEXO: OS SENTIRES DO MONTE

1. Que é a festa-ritual “Os Sentires do Monte”? É unha xornada festiva colaborativa e participativa, con carácter ritual, que se desenvolve ao longo de todo un día desde as 12.00 ata as 21.00 e transcorre integramente no monte de Couso.

2. Onde se desenvolve e cal é o itinerario? Desenvólvese no monte de Couso. A primeira edición levouse a cabo de maneira íntegra na parte alta do monte, iniciando a marcha no miradoiro de San Antoniño e rematando o día no cume do monte do Facho, pasando antes polo nacemento do río Couso, o Chan das Eiras, e a mámoa seleccionada.

3. Cando se fixo por primeira vez? A primeira edición tivo lugar o 12 de outubro do 2024. Esta data elixiuse por razóns prácticas, non ten ningunha intención de vincularse cos significados dese día, nin coas outras celebracións asociadas a esta data concreta. A data pódese cambiar con liberdade para as futuras celebracións.

4. Para que serve esta festa? Para protexer o monte. Como? Afianzando e fortalecendo a relación de parentesco que xa existe entre a comunidade e o monte. A forma máis efectiva de protexer un lugar é desde o mesmo lugar, a través do compromiso das poboacións co seu elemento natural.

5. Que se celebra? Que se busca? Celébrase un novo reencantamento entre a comunidade e o monte. A festa busca reivindicar a potencia do manexo comunitario deste territorio e poñer en valor o presente e o futuro dos montes veciñais en man común.

6. De que está composta? Esta festa formalízase a través dun percorrido polo monte, balizado de once accións e unha lectura, descritas de maneira minuciosa neste protocolo.

Créditos

Montes de Couso

montesdecouso@gmail.com
www.montesdecouso.gal

Concomitentes

info@concomitentes.org
www.concomitentes.org

Asunción Molinos Gordo

asuncionmolinos@gmail.com

Natalia Balseiro

natalia.balseiro@gmail.com

Ania González Castiñeira

aniagonzalezcastinheira@gmail.com

Art Living Lab for Sustainability

Este Plan de Autoprotección é un dos resultados de Tierra Común, un dos living labs desenvolvidos dentro do proxecto Art Living Lab for Sustainability, un proxecto financiado polo programa Europa Creativa da Unión Europea entre 2023 e 2025 ao abeiro do Grant Agreement No. 101099159.

Coordinado por Concomitentes e desenvolvido xunto con De Nieuwe Opdrachtgevers, La Société des Nouveaux Commanditaires e a Universidade de Santiago de Compostela en Monte Vecinal de Couso (Galicia, España), Boom (Flandres, Bélxica) e o Parque Natural Haut-Jura (Jura, Francia). En España, o proxecto está cofinanciado pola Fundación Daniel e Nina Carasso.

Máis información en www.artlivinglab.eu